

# O ABSENTISMO NON É O PROBLEMA: É O SÍNTOMA



A patronal e a Xunta de Galiza levan meses instaladas nunha intensa campaña coa que impoñer unha mentira repetida moitas veces na que a clase traballadora aparece como responsábel do absentismo. Campaña baseada en falsidades, criminalizando as ausencias dos postos de traballo e culpabilizando as persoas traballadoras por estaren en incapacidade temporal. Pero os datos demostran xusto o contrario.

En todo caso, o obxectivo é presentar o absentismo como un problema que eleva os custos económicos e

prexudica as empresas, para así xustificar medidas coas que recortar dereitos, empeorar as condicións de traballo, deteriorar a saúde laboral das persoas traballadoras e privatizar a sanidade pública coa promoción das Mutuas. Así mesmo, coa escusa do absentismo atopan vías coas que recortaren dereitos relativos á redución da xornada laboral e impedir melloras nos permisos e licencias retribuídas.

En definitiva, non estamos ante un problema de absentismo, senón ante un modelo laboral e social que deteriora a saúde da clase traballadora.


## **A porcentaxe de poboación ocupada con máis de 55 anos elevouse 9,3 puntos en 10 anos. Non é absentismo, é explotación dunha clase traballadora cada vez máis envellecida**

A clase traballadora galega, igual que a sociedade galega, atópase nun proceso de avellentamento. Os datos son contundentes: en apenas unha década a porcentaxe de persoas ocupadas maiores de 55 anos aumentou en 9,3 puntos, polo que en Galiza unha de cada catro persoas traballadoras supera esa idade. Isto non é casualidade, senón consecuencia directa das políticas que atrasan a xubilación e obrigan a prolongar a vida laboral en condicións cada vez máis duras. A isto temos a sumarlle que a aplicación da reforma das pensións aprobada no ano 2011 elevou a idade de xubilación aos 67 anos.

A patronal pretende ocultar esta realidade para responsabilizar as persoas traballadoras do aumento do absentismo. Pero o que amosan os datos é que estamos ante unha forza de traballo máis envellecida, con

maior desgaste físico acumulado e máis dificultades de recuperación.

Non se lle pode esixir o mesmo rendemento nin as mesmas condicións de saúde a quen leva décadas traballando e ve como se lle impón seguir até os 67 anos. O chamado absentismo é, en realidade, a consecuencia directa dun modelo laboral que espreme a clase traballadora até idades cada vez máis avanzadas.



Fonte: EPA



Confederación Intersindical Galega

Non é absentismo, son recortes e privatización da sanidade pública.

As listas de agarda cirúrxicas aumentaron 12,6 días en seis anos, mentres as de consultas externas 19,3 días

Os recortes da Xunta de Rueda no sistema público de saúde está afectando os procesos de recuperación das persoas traballadoras que se atopan en situación de incapacidade. O incremento das listas de agarda, tanto cirúrxicas como en consultas externas, evidencia o deterioro planificado da sanidade pública galega. Estamos a falar de aumentos de máis de 12 días en intervencións e de máis de 19 días en consultas, o que retrasa diagnósticos e tratamentos.

Esta situación ten consecuencias directas sobre a saúde da clase traballadora: máis tempo sen tratamento, máis complicacións e procesos de recuperación máis longos. É dicir: máis tempo de baixa, non por vontade das persoas traballadoras senón polas ineficacias dun sistema sanitario debilitado polos recortes.

A Xunta pretende responsabilizar as persoas traballadoras do absentismo mentres é ela quen, coas súas políticas de privatización e recortes, está a alongar as enfermidades e dificultar a recuperación.

| Agarda cirúrxica. Días |      |      |      |      |      |  |
|------------------------|------|------|------|------|------|--|
| 2019                   | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 |  |
| 54,5                   | 72,7 | 77,3 | 74,8 | 67,5 | 67,1 |  |

<https://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/Lista-de-espera-cirúrxica>

| Agarda consultas externas |      |      |      |      |      |      |
|---------------------------|------|------|------|------|------|------|
| Consultas ext.            | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 |
|                           | 41,5 | 49,3 | 56,4 | 66   | 73,4 | 60,8 |

<https://www.sergas.gal/Asistencia-sanitaria/Lista-de-espera-de-consultas-externas>

A clase traballadora galega está máis tempo enferma.

A media de días de baixa por continxencias comúns en Galiza é 33,7 días superior á do Estado español

A diferenza de 33,7 días máis de baixa respecto ao conxunto do Estado é un dato demoledor que desmonta o relato da patronal. Non é que en Galiza haxa máis absentismo, senón que hai peores condicións para recuperarse.

Mentres no Estado o aumento medio foi de catro días, en Galiza foi de 13,2. Isto coincide plenamente cos recortes na sanidade pública e coa saturación do sistema sanitario tras anos de desmantelamento.

As persoas traballadoras galegas non faltan máis: están máis tempo enfermas porque tardan máis en ser atendidas e en recuperarse. Responsabilizar a clase traballadora desta situación é unha manipulación interesada que pretende ocultar as responsabilidades políticas.

| Días de baixa. Continxencias comúns |      |      |      |      |      |      |
|-------------------------------------|------|------|------|------|------|------|
| Días de baixa.                      |      |      |      |      |      |      |
| Continx.comúns                      | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 |
| Galiza                              | 63,1 | 73,7 | 81,7 | 66,1 | 72,5 | 76,3 |
| EE                                  | 38,6 | 49,1 | 47,9 | 37,7 | 39,5 | 42,6 |

Fonte: CES Galiza. Memoria socioeconómica

| Por continxencias profesionais |       |       |       |       |       |       |       |
|--------------------------------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| Días de baixa.                 |       |       |       |       |       |       |       |
| Continx. prof.                 | 2019  | 2020  | 2021  | 2022  | 2023  | 2024  | 2025  |
| Galiza                         | 51,23 | 47,89 | 47,08 | 55,22 | 50,84 | 59,99 | 62,07 |
| EE                             | 39,41 | 37,31 | 37,24 | 41,31 | 39,84 | 45,55 | 47,39 |

Fonte: <https://www.seg-social.es/>

Gasto en incapacidade temporal. O aumento do gasto é consecuencia, non causa

O incremento do gasto en incapacidade temporal non é un problema en si mesmo, senón a consecuencia directa de todos os factores anteriores (envellecemento, peores condicións sanitarias, maior duración das baixas e máis desgaste laboral).

O aforro en gasto é falso cando a patronal nos obriga a ter que ir traballar estando doentes, porque

agrava e prolonga a enfermidade e xera máis gasto para curar.

A patronal utiliza este dato para xustificar recortes de dereitos e a sustentabilidade do sistema público de pensións, cando o que debера facerse é actuar sobre as causas: mellorar a sanidade pública, reducir a carga de traballo e adiantar a idade de xubilación.

| Pensións contributivas | 2019     | 2020      | 2021      | 2022      | 2023      | 2024      |
|------------------------|----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Incapacidade temporal  | 9.527,29 | 11.887,98 | 12.468,64 | 13.590,32 | 14.094,55 | 16.463,92 |

<https://www.mites.gob.es/ficheros/ministerio/estadisticas/anuarios/2024/CSS/CSS.pdf>



## Traballar máis anos implica máis desgaste e máis baixas. A reforma das pensións leva ao irremediable aumento da idade de xubilación

A reforma das pensións aprobada no ano 2011 polo Goberno central, a patronal e CCOO e UGT elevou a idade de xubilación aos 67 anos. O aumento da idade real de xubilación confirma o impacto das reformas das pensións: cada vez traballamos máis anos. Isto tradúcese nun maior desgaste físico e mental acumulado.

Se as persoas traballadoras permanecen máis tempo no mercado laboral, é lóxico que aumenten os problemas de saúde asociados á idade e, en consecuencia, as baixas laborais.

A patronal pretende desvincular estes factores, pero os datos demostran que o incremento do chamado absentismo está directamente relacionado co atraso da xubilación. Non se pode obrigar a traballar

máis anos e, ao mesmo tempo, esixir corpos como se tiveran 30 anos.

| Idade de xubilación |          |        |             |
|---------------------|----------|--------|-------------|
| Ano                 |          | Número | Idade media |
| 2022                | Total    | 24.291 | 65,57       |
|                     | Homes    | 13.427 | 65,13       |
|                     | Mulleres | 10.864 | 66,12       |
| 2023                | Total    | 24.088 | 65,62       |
|                     | Homes    | 13.215 | 65,23       |
|                     | Mulleres | 10.873 | 66,10       |
| 2024                | Total    | 22.282 | 65,82       |
|                     | Homes    | 12.303 | 65,33       |
|                     | Mulleres | 9.979  | 66,41       |

Fonte: IGE

## Anos cotizados aos 65 anos. Carreiras laborais longas e duras = máis desgaste

Os datos de anos cotizados aos 65 anos amosan carreiras de cotización longas, pero tamén cunha clara desigualdade de xénero que obriga as mulleres a traballar máis alá dos 67 anos. Isto implica décadas de exposición a ritmos de traballo intensos, precariedade e condicións laborais esixentes.

Este desgaste acumulado non desaparece: tradúcese en problemas de saúde que acaban manifestándose nos últimos anos da vida laboral. É

precisamente aí onde a patronal sinala o absentismo, cando en realidade é o resultado dunha vida enteira de traballo.

|          | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 |
|----------|------|------|------|------|------|
| Media    | 29,4 | 29,6 | 30,1 | 30,1 | 29,9 |
| Mulleres | 24,1 | 24,1 | 24,6 | 24,4 | 24,9 |
| Homes    | 34,8 | 35   | 35,6 | 35,9 | 35,1 |

Fonte: IGE. Mostra continua da vida laboral

## Producimos máis que nunca, pero en peores condicións

Os datos amosan un incremento constante da produtividade por posto de traballo e por hora. Isto significa que cada vez se produce máis coa mesma ou menor forza de traballo.

Mais este aumento da produtividade non cae do ceo: baséase na intensificación dos ritmos de

traballo, maior presión e máis carga laboral. É dicir, máis explotación.

A patronal pretende falar de absentismo sen recoñecer que este incremento da produtividade está a pasar factura na saúde da clase traballadora. Máis rendemento hoxe significa máis baixas mañá.

|                                                               | 2019   | 2020   | 2021   | 2022   | 2023   | 2024   |
|---------------------------------------------------------------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|
| <b>Remuneración. Euros</b>                                    |        |        |        |        |        |        |
| Por posto de traballo asalariado                              | 30.005 | 31.468 | 31.501 | 32.921 | 34.575 | 36.086 |
| Por posto de traballo equivalente a tempo completo asalariado | 32.927 | 34.418 | 34.369 | 35.918 | 37.740 | 39.250 |
| Por hora traballada asalariada                                | 18     | 19,6   | 19,5   | 20,7   | 21,6   | 22,5   |
| <b>Produtividade aparente nominal. Euros</b>                  |        |        |        |        |        |        |
| Por posto de traballo                                         | 55.617 | 55.978 | 58.673 | 62.926 | 66.565 | 69.505 |
| Por posto de traballo equivalente a tempo completo            | 61.037 | 61.372 | 64.212 | 68.897 | 73.014 | 75.965 |
| Por hora traballada                                           | 32,1   | 33,6   | 35,2   | 38,2   | 40,3   | 42,1   |

<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp>



## Traballamos máis horas que en moitos países europeos

Os datos comparativos amosan que no Estado español, e por extensión en Galiza, a xornada laboral é superior á media europea e á de moitos países do noso contorno.

Mentres noutros países se aposta por reducir a xornada e mellorar a conciliación, aquí mantéñense

horarios máis longos que incrementan o desgaste físico e mental.

Máis horas de traballo implican menos descanso, peor recuperación e maior probabilidade de enfermidade. De novo, o chamado absentismo é consecuencia directa dun modelo laboral baseado na sobreexplotación.

|                                      | 2019        | 2020        | 2021        | 2022        | 2023        | 2024        |
|--------------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| GEO (Labels)                         |             |             |             |             |             |             |
| Países Baixos                        | 32,0        | 31,4        | 30,9        | 31,1        | 30,9        | 30,8        |
| Dinamarca                            | 33,7        | 33,9        | 34,2        | 33,6        | 33,3        | 32,8        |
| Noruega                              | 33,5        | 33,4        | 33,3        | 33,2        | 33,1        | 32,9        |
| Alemaña                              | 35,2        | 34,3        | 34,5        | 34,5        | 33,9        | 33,8        |
| Austria                              | 35,5        | 33,9        | 33,6        | 33,7        | 33,5        | 33,8        |
| Bélxica                              | 36,2        | 35,5        | 34,8        | 34,7        | 34,6        | 34,2        |
| Finlandia                            | 35,7        | 35,6        | 34,9        | 34,4        | 34,2        | 34,4        |
| Irlanda                              | 36,2        | 36,2        | 35,8        | 35,4        | 34,9        | 34,5        |
| Suecia                               | 35,4        | 34,7        | 35,3        | 35,4        | 35,2        | 35,1        |
| Luxemburgo                           | 37,7        | 36,9        | 35,8        | 35,4        | 35,2        | 35,4        |
| Islandia                             | 38,6        | 37,1        | 35,9        | 35,5        | 35,4        | 35,4        |
| Francia                              | 36,0        | 35,6        | 35,8        | 36,0        | 35,8        | 35,6        |
| Unión Europea 27 países (desde 2020) | 36,6        | 36,0        | 36,2        | 36,2        | 35,9        | 35,8        |
| Área euro 21 países (desde 2026)     | 36,2        | 35,5        | 35,5        | 35,6        | 35,3        | 35,3        |
| Suíza                                | 36,2        | 35,5        | 36,0        | 36,4        | 36,2        | 36,0        |
| Italia                               | 36,7        | 35,8        | 36,0        | 36,2        | 36,0        | 36,0        |
| <b>Estado español</b>                | <b>36,8</b> | <b>36,4</b> | <b>36,1</b> | <b>36,5</b> | <b>36,3</b> | <b>36,3</b> |
| Estonia                              | 37,8        | 37,0        | 36,8        | 36,7        | 36,3        | 36,3        |
| Portugal                             | 38,3        | 37,5        | 38,0        | 37,9        | 37,6        | 37,4        |
| Hungría                              | 38,3        | 38,1        | 38,2        | 38,5        | 37,8        | 37,4        |
| Malta                                | 39,1        | 37,9        | 37,5        | 37,1        | 37,2        | 37,4        |
| Croacia                              | 38,6        | 38,2        | 38,1        | 37,9        | 38,1        | 37,8        |
| Chequia                              | 39,0        | 37,9        | 38,3        | 37,7        | 37,7        | 37,8        |
| Eslovenia                            | 38,4        | 38,8        | 38,6        | 38,3        | 37,9        | 37,9        |
| Eslovaquia                           | 38,9        | 38,3        | 38,0        | 37,8        | 37,6        | 37,9        |
| Chipre                               | 37,8        | 37,7        | 37,5        | 37,7        | 38,4        | 37,9        |
| Letonia                              | 38,1        | 37,8        | 38,2        | 38,6        | 38,4        | 38,3        |
| Lituania                             | 38,3        | 37,9        | 38,4        | 38,2        | 38,3        | 38,3        |
| Polonia                              | 38,9        | 38,6        | 39,7        | 39,5        | 39,3        | 38,8        |
| Romanía                              | 39,3        | 38,8        | 39,8        | 39,7        | 39,5        | 38,8        |
| Bulgaria                             | 39,7        | 39,4        | 39,5        | 39,2        | 39,0        | 39,0        |
| Grecia                               | 40,3        | 40,0        | 40,1        | 39,7        | 39,8        | 39,8        |

[https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/lfsa\\_ewhan2/default/table?lang](https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/lfsa_ewhan2/default/table?lang)

